CESAR MANUEL FERNANDEZ GIL (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 09/10/2026
HASH: 83a23ebc7abd659caadbbcc406955995f
RIBADAVIA Concello

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERAN NA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ALUGUER PARA A EXPLOTACIÓN DOS LOCAIS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO DE VILAS VIVAS DO CONCELLO DE RIBADAVIA EN COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA (EXP 1771/2026)

I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

1ª.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- É obxecto do presente contrato o aluguer dos diferentes locais que posue o Concello de Ribadavia e que forman parte do Proxecto de Vilas Viva tal e coma veñen reflectidos no ANEXO I.

2.- Os diferentes adxudicatarios poderán utilizar privativamente o local que lles corresponda para o desenvolvemento da actividade do obxecto principal e complementaria que figuren na súa oferta.

Os locais destinados aos diferentes contratos de aluguer, están equipados con bens e instalacións que se relacionan no ANEXO II deste prego, quedando afectos ao desenvolvemento da actividade , e que, en caso de avaría ou deterioración, deberán de ser repostos pola adxudicataria en beneficio do Concello. Os elementos e instalacións complementarios que puidese engadir a adxudicataria pola súa conta sobre os consignados no ANEXO II serán da súa plena e exclusiva propiedade e poderán ser retirados por esta ó fin do contrato.

3.- CPV.-: Comercio ao por menor. 55000000-0.

2ª.- RÉXIME XURÍDICO E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

1.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de carácter privado..

Resulta de aplicación o artigo 107.1 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas, precepto básico consonte a Disposición Final Segunda.5 de dita lei:

> Os contratos para a explotación dos bens e dereitos patrimoniais adxudicaranse por concurso salvo que, polas peculiaridades do ben, a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación, proceda a adxudicación directa. As circunstancias determinantes da adxudicación directa deberán xustificarse suficientemente no expediente

Do arrendamento de inmobles das AAPP ocúpase o Capitulo III do Título V da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, dende o Art. 122 ao Art.128

Eses preceptos non teñen carácter básico, debendo entendelos, na medida do posible, como lexislación supletoria á lexislación de Réximen Local (de Bases ou Autonómica) ou de Patrimonio da Comunidade Autónoma.

En caso de discordancia entre o presente Prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares no que se conteñen os dereitos e obrigacións que asumirán as partes do contrato.

2.- O Órgano de Contratación no Concello de Ribadavia é a Alcaldía (Disposición Adicional Segunda.9 de la Ley 9/2017 de contratos do sector público)

3.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do arrendatario á súa impugnación ante a xurisdición competente.

3ª.- DURACIÓN DO CONTRATO

1.- O contrato terá unha duración **dun (1) ano, prorrogable por outro ano máis e ata un máximo de cinco(5) anos,** a contar desde o día seguinte a Acta de entrega das instalacións a prol do adxudicatario, que se asinará.

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 12

2.- A prórroga acordarase polo órgano de contratación, cun mes de antelación á finalización do contrato sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

3.- Unha vez finalizado o prazo contractual (xa sexa o inicial, ou o no seu caso, o prorrogado), o contratista deberá facer entrega do local nas mesmas condicións en que o recibiu.

4ª.- HORARIO DA INSTALACIÓN

1. O local deberá estar aberto como mínimo 3 días á semana, sendo estes obrigatoriamenten os venres, sábados, domingos e festivos de todo o ano , do mesmo xeito, unha vez adxudicado o local, o arrendatario deberá cumprir coa súa oferta presentada e con cumprimento da normativa de horarios que establece a Lei de Comercio de Galicia.

5ª.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN; VALOR ESTIMADO DO CONTRATO; PREZO.

1.- O orzamento de licitación, ascende á cantidade que aparece para cada local no ANEXO I ao que haberá que engadir o importe resultante de aplicar o 21% en concepto de IVE , que deberá soportar o arrendatario, en todo caso, deberase indicar como partida independente o IVE na factura emitida por parte do Concello de Ribadavia.

6ª.- REVISIÓN DE PREZOS

No caso de producirse prórroga do contrato, o prezo a satisfacer ao concello e os dos produtos ofrecidos en venda veranse incrementados en función da variación que experimente o Índice de Prezos ao Consumo (IPC), nos doce meses anteriores ao mes no que se cumpra o ano que se contará desde o inicio da prestación.

7ª.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Procederá anualmente dotar dunha partida orzamentaria no suposto de que algún dos locais estea baleiro ao non producirse prórroga e namentres non medie unha nova adxudicación.

8ª.- GARANTÍAS.

1.- Provisional: Non se esixe.

2.- Definitiva: Considérase o máis axustado á realidade do contrato, a esixencia da subscrición polo licitador dun contrato de seguro de indemnización por riscos profesionais (responsabilidade civil).

9ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia , económica, financeira, técnica e profesional.

Solvencia económico-financeira:

Este requisito acreditarase por un dos medios seguintes a elección do licitador:

-Acreditar a existencia dun seguro de responsabilidade civil cun importe acaído ao contrato ou compromiso de constituir o mesmo , caso de resultar adxudicatario.

-Documento emitido por unha entidade bancaria que acredite a solvencia económica do licitador.

-Volume de negocio global do mellor exercicio dos tres últimos dispoñibles.

Solvencia técnico-profesional

Este requisito acreditarase coa documentación xustificativa de encontrarse de alta no IAE no epígrafe correspondente ou o compromiso de darse de alta antes do inicio da actividade.

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 12

II.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

1.- O contrato adxudicarase por concurso con varios criterios de adxudicación.

2.- A súa tramitación será ordinaria.

3.- A forma de adxudicación será a oferta máis vantaxosa, atendéndoa varios criterios de adxudicación.

11ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios que servirán de base para a adxudicación serán os seguintes:

A máxima puntuación que se pode obter é de 100 puntos

ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN
• Memoria do proxecto	Máximo 60 puntos totais
Antecedentes do proxecto; experiencia do/os promotores, grao de madurez do proxecto e calidade da proposta.	Máximo 20 puntos
Porcentaxe de produtos á venda que contan coa certificación de Artesanía de Galicia, Artesanía alimentaria de Galicia ou do Consello Regulador do Ribeiro	Máximo 20 puntos
Actividades propostas; calidade, orixinalidade e frecuencia das mesmas	Máximo 15 puntos
Colaboracións propostas con outros empresarios ou institucións	Máximo 5 puntos
• ANEXO 1 COMPROMISOS	Máximo 40 puntos totais
Compromiso de dias de apertura	Máximo 20 puntos (5 por día a maiores dos obrigatorios)
Número de empregos	Máximo 12 puntos (4 puntos por emprego)
Admisión de Métodos de pago	Máximo 4 puntos (2 por cada método a maiores do efectivo)
Contar con RRSS ou páxina web	Máximo 4 puntos (2 por RRSS e 2 por páxina web)

12ª.- LUGAR, PRAZO E PRESENTACION DE PROPOSICIÓNS:

1.- **Lugar e Prazo de presentación das proposicións.-**

Presentación

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao establecido neste Prego e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do Prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis de dúas (2) solicitudes, estando obrigado a renunciar a unha delas unha vez resulte adxudicatario . En todo caso, deberá especificar a orde de preferencia das mesmas.

Lugar e prazo de presentación.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Ribadavia, dentro dos **20 DÍAS NATURAIS** seguintes a aquel en que apareza o anuncio de licitación publicado no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Os pregos publicaranse tamén na páxina web e na sede electrónica do concello.

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Comprobación: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 12

Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

Non serán admitidas variantes ou alternativas.

Documentación que acompañará as ofertas.

As proposicións constarán de TRES (3) SOBRES pechados (A, B e C), identificados no seu exterior con indicación CONTRATO DE ALUGUER DOS LOCAIS DO PROXECTO VILAS VIVAS, RIBADAVIA (se indicará expresamente o local a que se opta con número correlativo indicado no Anexo) e o nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

2.1.- SOBRE A:

Deberá ter o seguinte título: **"SOBRE A: DOCUMENTACION PREVIA PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN.** O seu contido será o seguinte:

Consonte ao disposto no artigo 140 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, os licitadores deberán presentar unha declaración responsable, según o ANEXO IIdeste Prego.

Incorpórase modelo de declaración como **ANEXO II** deste Prego.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

O órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

A concorrencia destes requisitos enténdese referida á data de finalización do prazo de presentación das proposicións.

2.2.-.- SOBRE B:

Deberá ter o seguinte título: **"SOBRE B: MEMORIA TÉCNICA PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN.**

Memoria do proxecto que se pretende por en marcha (máximo 10 folios) O seu contido será o seguinte:

- Datos do promotor ou promotores
- Antecedentes do proxecto; experiencia no sector
- Descrición da actividade:
    - Descrición dos produtos á venda con identificación da orixe dos mesmos e indicando se contan con algunha certificación e porcentaxe dos mesmos
    - De ser o caso, Listado de actividades previstas a desenvolver nunha anualidade, tales como: talleres, presentación de produtos ou profesionais, conferencias, degustacións, xornadas etc.
    - Propostas de colaboración con outros empresarios ou institucións dentro do proxecto Vilas Vivas ou no territorio.

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 12

Os licitadores incluirán neste sobre todos aqueles documentos que sexan precisos para a valoración da documentación relacionada cos criterios de valoración establecidos no artigo 11 do presente prego no apartado de Memoria Técnica.

2.3.- SOBRE C:

Deberá ter o seguinte título: "**SOBRE C: COMPROMISOS OFERTADOS**

Os licitadores incluirán neste sobre os compromisos ofertados na súa proposta para poder ser valorados tal e como se establece no artigo 11 do presente prego no apartado Compromisos.

No que se detallarán os seguintes compromisos

- Dias da semana nos que o establecemento está aberto
- Horarios de apertura previstos
- Numero de empregos
- Admisión de distintos métodos de pago; afectivo, tarxeta, bizum
- Emprego das RRSS ou páxina Web para a difusión da actividade

13ª.- MESA DE CONTRATACION

A Mesa de Contratación estará composta, neste caso, polos seguintes membros.-

Presidenta Doña Mariluz Expósito Pérez (teniente de alcalde)

Vogais:

Francisco Fernández Castro, secretario.

Vicente Soto Rodríguez, Interventor.

Daniel Blanco Rodríguez , funcionario de Intervención

José Manuel Pérez Otero, funcionario municipal.

Sonia Fernández Couso, tesorera municipal.

Rosario Chao Quintana.

Secretario: Luis Pérez Díaz.

14ª.- DESENVOLVEMENTO DO ACTO LICITATORIO.

1.- Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá, en acto interno, á cualificación da documentación xeral contida nos sobres A presentados polos licitadores, e se

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 12

observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia da devandita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

A marxe da subsanación á que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

2.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do sobre A e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo conferido ao efecto, realizará en acto público, a celebrar no lugar, data e hora sinalados no perfil do contratante, a apertura dos sobres B e C dos licitadores admitidos.

15ª.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

1.- O órgano de contratación requirirá ao licitador cuxa oferta considere xustificadamente como a mellor, para que, dentro do prazo de dez días hábiles desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación.-

- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais.
- Escritura de constitución ou modificación, de ser o caso, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscrita no Rexistro Público que corresponda, se a empresa fose persoa xurídica.
- Escritura de Poder, se se actúa en representación doutra persoa e DNI do representante.
- Declaración responsable do licitador na que afirme baixo a súa responsabilidade que non se atopa incurso en prohibición de contratar.
- Certificados acreditativos de atoparse ao corrente das súas obrigacións tributarias estatais e locais e coa Seguridade Social.
- Documentación acreditativa da constitución da garantía definitiva: Póliza de contrato de seguros que cubra a responsabilidade locativa do ben, así como a de Responsabilidade Civil . . Deberá xuntarse recibo presentado ao pagamento acreditativo da vixencia das mesmas.
- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas, deberá achegarse documento acreditativo da alta.

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia. Así mesmo, os licitadores presentarán a súa documentación en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

2.- O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, concretando e fixando os termos definitivos do contrato.

3.- A adxudicación deberá ditarse en todo caso, sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación. Non en tanto, nos termos previstos no artigo 152 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, a Administración, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non emendables, debendo de indemnizar aos licitadores, en ambos os casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles houbese efectivamente ocasionado.

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 12

4.- A adxudicación deberá notificarse aos interesados, e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

5.- A adxudicación e selección da mellor oferta, e subseguinte resolución de adxudicación do contrato deberán realizarse en todo caso no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte o de apertura de proposicións. Transcorrido o indicado prazo sen ditarse acordo sobre a adxudicación, os licitadores poderán retirar as súas ofertas e as garantías constituídas.

6.-Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

16ª.- PERFECCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. O adxudicatario asinará conxuntamente co contrato, a oferta presentada, un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares, unha relación de bens mobles e utensilios dos que dispón o local e demais documentos que revistan carácter contractual.

Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, produciranse os efectos que se determinan no art. 153.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público:

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento basee de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida

Transcorrido o prazo de tres meses desde a formalización do contrato, a Administración poderá dispoñer sobre a destrución da documentación achegada cando as empresas non procedan á súa retirada.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

17ª.- OBRIGACIÓNS E DEREITO DO ADXUDICATARIO:

A.-) Serán **obrigas** do adxudicatario.-

1.- O adxudicatario está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene no traballo e de prevención de riscos laborais, debendo cumprir o convenio colectivo do sector e aboar as retribucións que procedan por aplicación do mesmo.

2.- O persoal que o adxudicatario deba contratar para atender as súas obrigacións dependerá exclusivamente desta, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario, sen que á extinción do contrato se poda producir, en ningún caso, a consolidación das persoas que realicen os traballos como persoal do órgano contratante.

3.- Será obriga do adxudicatario indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato nos termos establecidos no artigo 214 do TRLCSP.

4.- O adxudicatario está obrigado a cumprir co disposto no presente prego que rexe a licitación así como coas especificacións establecidas na normativa sectorial de aplicación en cada momento.

5.- O adxudicatario aboará ao seu cargo igualmente as subministracións que reciba con carácter individual (auga, enerxía eléctrica, teléfono e análogos...), a cuxo efecto deberá darse de alta co carácter de abonada nos mesmos.

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://rbadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 12

6.- Salvo autorización expresa do concello non poderá o adxudicatario realizar ningún tipo de obras nas instalacións do local obxecto da presente contratación.

7.- A adxudicataria está obrigada a manter e conservar en bo estado as obras e instalacións sobre as que recaia o servizo, as cales deberán ser entregadas ao concello en bo estado de conservación ao termo da mesma.

8.- Serán por conta do adxudicatario o pagamento dos impostos, taxas, arbitrios de calquera clase que sexa, do Estado, da Comunidade Autónoma, da Provincia ou do Municipio, aos que dea lugar a realización do servizo ou traballo obxecto do contrato, xa estean aqueles establecidos ou que se puidesen establecer no futuro.

9.- O adxudicatario queda expresamente obrigado a cumprir a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, obrígase a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a información á que se teña acceso con ocasión do contrato á que se dese este carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copia ou utilizar con fin distinto ao que figura neste prego, nin tampouco ceder a outro nin sequera para os efectos de conservación. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento da información.

10.- Con carácter específico, o adxudicatario estará obrigado a:

- Aceptar o contrato ao seu risco e ventura.
- Realizar as actividades programadas no seu proxecto.
- Apertura e peche do Centro: O Concello entregará un xogo de chaves do local, sendo obrigación do adxudicatario a apertura e peche do mesmo no horario establecido na súa oferta.
- Dirixir e explotar as instalación o uso e maneira dun ordenado comerciante, de tal forma que se preste axeitado servizo o público que asista a mesma.
- Instalar no local un cartel con indicación do horario de apertura
- Manter e devolver o mobiliario e instalacións municipais en perfectas condicións o termo do contrato. Salvo nos supostos de normal deterioro polo uso, o adxudicatario quedará obrigado a reparar ou, se é o caso, repoñer os bens ou elementos que se destrúan ou queden inservibles e que sexan propiedade do concello.
- Responder dos danos e prexuízos que puideran ocasionarse a terceiros
- Non allear os bens afectos ao servizo.
- Exercer por si a explotación do local e non cedela nin traspasala a terceiros. Para que o adxudicatario poda ceder o contrato ou concertar con terceiros a execución de determinadas prestacións deberá contar coa previa e expresa autorización do concello.
- Ao cumprimento da normativa sectorial establecida na Lei do Comercio da Comunidade Autónoma de Galicia.

B.-) Pola súa parte, o adxudicatario terá **dereito** a:

- Utilizar os bens que constitúan a base necesaria para a explotación das instalacións do local no que resultou adxudicatario, nos termos fixados no presente prego.
- Ser beneficiario das accións de difusión e dinamización programadas polo Proxecto Vilas Vidas.

18ª.- ABOAMENTO DO PREZO DO CONTRATO.

O prezo da presente contratación será aboado polo adxudicatario unha vez practicada a liquidación por parte do Concello que, á súa vez, será liquidada por mensualidades na factura correspondente.

19ª.- PENALIDADES.

1.- O Concello de Ribadavia poderá esixir responsabilidade ao adxudicatario por infracción dos seus deberes, con independencia do procedente respecto da extinción e resolución do contrato.

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 12

2.- As infraccións cualificarase como moi graves, graves ou leves de acordo coas circunstancias concorrentes, e especificamente atendendo ao maior ou menor prexuízo que con elas se cause ao funcionamento do servizo.

3.- Considerásense en todo caso **INFRACCIÓNS MOI GRAVES** as seguintes:

a) O incumprimento da normativa laboral, sobre seguridade e hixiene no traballo e de prevención de riscos laborais.

b) O incumprimento da normativa reguladora do sector.

c) O incumprimento dos requisitos esixidos para ceder ou concertar con terceiros a prestación obxecto do contrato.

d) A demora no pago do prezo establecido a favor do Concello, por período superior a tres meses.

e) O subarrendo, cesión ou traspaso, en todo ou en parte da actividade ou das instalacións obxecto de concesión, así como o alleamento, gravame, hipoteca ou constitución de dereitos reais sobre os terreos, bens, ou instalacións obxecto do contrato.

f) A non contratación, demora ou falta de pagamento das pólizas de seguros sinaladas no presente prego que producise algún período de falta de cobertura dentro do prazo do servizo.

g) O exercicio da actividade polo adxudicatario sen dispoñer das autorizacións, licenzas ou permisos que resulten preceptivos.

h) O exercicio de actividade ou actividades que non sexan os propios da explotación do local que permite o contrato.

i) Calquera outro incumprimento das condicións da concesión que estea cualificado como falta moi grave nas ordenanzas ou normativa correspondente.

4.- Considerásense en todo caso **INFRACCIÓNS GRAVES** as seguintes:

a) A falta de acreditación ante a administración da subscrición ou renovación dalgún dos seguros de obrigatoria contratación para o adxudicatario, así como a ausencia do control de saúde do seu persoal.

b) Reiteración por tres ou máis veces na comisión de faltas leves no prazo dun ano.

c) A demora no pagamento do prezo establecido a favor do Concello, por período non superior a tres meses.

d) Non atender coa debida dilixencia e coidado a conservación das instalacións ou non cumprir as instrucións dadas polo Concello respecto diso, cando leve consigo unha deterioración grave das instalacións e espazos municipais.

e) Que o adxudicatario non comunique calquera incidencia que afecte ao normal funcionamento da instalación.

f) A negativa ou resistencia a facilitar a información requirida pola autoridade competente ou os seus axentes para o cumprimento dos fins de inspección.

g) Calquera outro incumprimento das condicións do servizo que estea cualificado como falta grave nas Ordenanzas ou normativa correspondente.

h) Todas aquelas que, implicando un incumprimento das obrigacións do adxudicatario, non merezan a cualificación de moi graves, e que pola súa natureza non deban ser tidas como leves.

5.- Considerásense como **INFRACCIÓNS LEVES** as seguintes:

a) O incumprimento sen causa xustificada ou autorización do Concello dos horarios establecidos, entendendo como tales os fixados no presente prego ou no seu caso na oferta do adxudicatario.

b) O incumprimento das obrigacións de conservación, mantemento e limpeza das instalacións.

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 12

c) A desobediencia do adxudicatario aos requirimentos que lle efectúe o concello, sempre que o obxecto destes non constitúa falta grave, moi grave ou causa de resolución.

d) As simples irregularidades no cumprimento do que prescribe este prego de cláusulas administrativas, sempre que non causen prexuízo directo de carácter económico ao concello e non constitúan falta grave, moi grave ou causa de resolución.

e) Calquera outro incumprimento das condicións de concesión que estea cualificado como falta leve nas ordenanzas ou normativa correspondente.

6.- Estas penalizacións son independentes da obrigación do contratista de indemnizar o Concello polos danos e prexuízos que o seu incumprimento lle ocasione ao Concello ou a terceiros con dereito a repetir contra o Concello.

As penalidades e indemnizacións impostas serán inmediatamente executivas e faranse efectivas mediante dedución dos pagos correspondentes que o Concello teña pendentes de aboar o contratista. Se xa non existisen cantidades pendentes de pago, se poderán facer efectivas contra a garantía definitiva e se esta non alcanzase o montante da penalidade, poderase reclamar pola vía administrativa de prema por considerarse ingreso de dereito público.

7.- As penalidades que poderá impoñer o concello como resultado do expediente instruído ao efecto, serán as seguintes:

a) Pola comisión de INFRACCIÓNS CUALIFICADAS COMO MOI GRAVES : Multa de 1.501 euros ata 3.000 euros

b) Pola comisión de INFRACCIÓNS CUALIFICADAS COMO GRAVES: Multa de 751 euros ata 1.500 euros

c) Pola comisión de INFRACCIÓNS CUALIFICADAS COMO LEVES: Multa de ata 750 euros

8.- A reincidencia de 3 faltas moi graves poderá dar lugar á resolución do contrato.

9.- Con independencia das penalizacións que poidan impoñérselle, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens e instalacións ao seu estado anterior, con indemnización dos danos irreparables e dos prexuízos causados, no prazo que en cada caso se fixe na resolución correspondente.

10.- Sen prexuízo das penalidades que puidesen impoñerse en expediente tramitado para o efecto, o Concello poderá impoñer penalidades a razón de 50 € por cada día que transcorra sen que o contratista dea cumprimento en prazo aos requirimentos que o Concello lle dirixa en relación con obrigacións contractuais ou legais relacionadas co contrato.

V.- MODIFICACIÓN

20ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Admitiranse modificacións do contrato nos supostos previstos e coas condicións impostas no artigo 205 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

VII

FINALIZACIÓN DO CONTRATO

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 12

21ª.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

2.- Se o local non se atopa en condicións de ser recibido, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecuan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigación de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito até entón.

22ª.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

1.-O contrato extinguirase por cumprimento ou resolución.

A estes efectos, serán de aplicación ademais do contido no presente prego de cláusulas administrativas particulares, o Código Civil e demais disposicións de dereito privado que sexan de aplicación.

Considerarase causa de resolución do contrato a falta do pago do prezo, nos prazos e forma establecidos no presente Prego.

A aplicación das causas de resolución, os seus efectos así como o procedemento correspondente e a indemnización por danos e prexuízos que proceda, axustaranse ao disposto nas disposicións de dereito privado (Código Civil) de aplicación coas excepcións establecidas neste prego.

Producirá igualmente a resolución do contrato, os supostos previstos na cláusula 19ª do presente prego.

2.- Á extinción do contrato, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante.

3.- Concluída a vixencia do contrato, e cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, este considerarase extinguido para todos os efectos.

23ª.- PRAZO DE GARANTÍA

Dado que a correcta execución dos servizos que constitúen o obxecto do contrato é constatable no mesmo momento da súa execución, e toda vez que a responsabilidade do contratista queda cuberta coa subscrición da Póliza de Seguros especificada na cláusula 9., non se establece prazo de garantía.

24ª.- RÉXIME XURIDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexerase polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño e o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 12

Patrimonio das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto.

En canto aos seus efectos e extinción rexerase polas Normas de Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes.

Ribadavia, data da sinatura electrónica.

Alcalde D César Fernández Gil

Cod. Validación: 6MHNAE5ALN5LJ5JKG6WYPXAQZ
Corrección: https://ribadavia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

ANEXO I

RUA	Nº	REFERENCIA CATASTRAL	M2	USO PREVISTO	ALUGUER MENSUAL
BANDA LIRA	1B	0622915NG7802S0002JY	32	ARTESANIA E ARTE	300€

DESCRICION DO USO:
Venda polo miúdo de artesanía galega non alimentaria, así como pezas de arte.
Actividades relacionadas coa actividade anterior: Talleres, eventos, presentacións, ou calquera actividade dirixida á promoción da artesanía e a arte galega, dirixidas ao público xeral ou profesional.

EQUIPAMENTO QUE SE ENTREGA CO LOCAL:
Estantes de chan e pendurados da parede, mostrador de venda, espellos, iluminación comercial e aseo.
Tomas de auga e electricidade.

REPRESENTACION GRÁFICA



ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dª domicilio en e con N I F en nome propio a efectos da súa participación na licitación **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ALUGUER PARA A EXPLOTACIÓN DOS LOCAIS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO DE VILAS VIVAS DO CONCELLO DE RIBADAVIA EN COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA** e ante o órgano de contratación do Concello de Ribadavia

1. SOLICITA A ADXUDICACION PARA A SÚA EXPLOTACION DO LOCAL (POR ORDE DE PREFERENCIA)

LOCAL Nº	NA RUA	Nº	CON REFERENCIA CATASTRAL	M2	ALUGUER MENSUAL
1	BANDA DA LIRA	18	0622915NG7802S0002JY	32	300€

2. E DECLARA baixo a súa responsabilidade:

PRIMEIRO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 140 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 para ser adxudicatario do contrato de obras, en concreto:

- O fiel cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme esixe a Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), nos termos e condicións previstos na norma.
- Que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica establecidos.
- Que non está incurso en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades para contratar das recollidas nos artigos 70 e 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nos termos e condicións previstos nos mesmos.
- Que se atopa ao corrente do cumprimento de todas as obrigacións tributarias e coa seguridade social impostas polas disposicións vixentes, e que non ten débedas en período executivo co Concello de Ribadavia....
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todos os incidentes que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato
- Que a dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións é ....

SEGUNDO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia nesta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera

momento en que sexa requirido para iso.

En _____,a _____ de 20

Asdo.: